

25-26 de febreiro

FOLGA XERAL

de estudiantes

Non ó decreto 3+2!

- ▶ Non á privatización da universidade pública!
- ▶ Todos á loita para defender os nosos dereitos!



Non lles vale acabar coas bolsas, non lles vale coa LOMCE, non lles vale con subir brutalmente as taxas. Este goberno moribundo quere acabar co noso dereito a estudar na universidade, expulsar das súas aulas a todos os que non sexamos de familias podentes. Pero non o imos a consentir. Xuntándonos, desde todas as facultades e institutos, ímoslle a dar unha lección a Wert, un ministro desacreditado e entolecido. Imos derrotar o seu decreto 3+2 co que pretende a completa privatización da universidade pública e que só teña un título universitario quen poidan cursar dous anos de Máster, gastándose miles de euros para maior beneficio dos empresarios das universidades privadas.

O novo decreto de Wert pretende expulsar da Universidade ós fillos dos traballadores

Aproveitando as datas, en plenos exames na universidade, Wert aprobou ás furtadelas o famoso

decreto 3+2, un novo ataque que devolverá a Universidade ós tempos nos que só unha minoría privilexiada podía acceder a ela, pechándonos o paso á inmensa maioría, quen provimos de familias traballadoras.

Con esta medida o Ministerio de Educación eliminará titulacións e fusionará Graos. Reducirá a tres anos os títulos de grao na Universidade, que agora son de catro anos ou 240 créditos. A redución dos graos a 180 créditos ou tres cursos suporá a súa completa depreciación e converterá este título en papel mollado para o mercado laboral. Se queremos ter unha licenciatura real, de verdade, con este decreto 3+2 verémonos obrigados a cursar dous anos de Máster (actualmente un ano) con prezos impagables para a maioría. E pretenden que o decreto entre en vigor este mesmo ano, en setembro, afectando tanto aos novos alumnos como aos que xa hoxe están matriculados na universidade.

Logo de recortar máis de 1.500 millóns de euros ás universidades públicas e dun incremento brutal das taxas coas que xa expulsaron a máis de 45.000 estudiantes da Universidade nos dous últimos anos, este decreto é un xiro máis cara á privatización. O custo dos Máster dun ano na Universidade Complutense de Madrid, a primeira en número de alumnos, oscila entre 4.000 e 7.000 euros anuais. A partir da entrada en vigor do novo decreto, no curso 2015-2016, teríamos que afrontar o pago de dous anos de Máster, ademais dos tres anos anteriores de grao, cunhas taxas desorbitadas. Quen poderá pagar os 20.000 euros que custará o título universitario? Nas universidades galegas, aínda que os Másters teñan un prezo menor que en cidades como Madrid ou Barcelona, seguen a ser prezos inasumibles que nos pechan a porta aos estudos superiores.

E o PP segue mentindo ó dicir que esta reforma equipáranos con Europa: non di que en 23 países europeos o acceso á universidade é gratuito ou a prezos baixos, como por exemplo en Francia, onde un ano de matrícula custa 181 euros de media.

É o ataque máis grave en décadas, que culmina todas as contrarreformas educativas do PP para acabar co noso dereito ó estudo, para imponer o seu modelo mercantilista e elitista para ledicia das grandes universidades privadas que xa se están fregando as mans con esta nova proposta. Aínda que as universidades privadas só matriculan en torno ó 10% dos estudiantes de Grao, no caso dos Másters alcanza xa o 38%. Con este decreto os seus petos encheranse aínda máis. Dende o Sindicato de estudiantes defendemos que a Universidade Pública sexa gratuita, como sucede en 11 países europeos.

Para o PP sobran universitarios de familias traballadoras. Queren expulsarnos ó mercado laboral canto antes, sen cualificación, sen gastar un céntimo de euro na nosa educación para someternos á explotación máis salvaxe, arroxarnos ás listas do paro crónico ou empuxarnos ó exilio económico.

iHai que poñer en pé todas as facultades, todos os institutos!

**25 e 26 de febreiro folga xeral de estudiantes
Todo o mundo ás manifestacións!**

Desde o Sindicato de Estudiantes chamamos a toda a mocidade, a todos os colectivos estudantís, ós nosos profesores, a toda a ciudadanía á loita, á mobilización máis contundente e extensa. Propoñemos celebrar miles de asembleas, encerros e concentracións, e os días 25 e 26 de febreiro unha gran folga educativa, en secundaria e universidade, que baleire as aulas e encha as rúas. E se o goberno non retrocede inmediatamente, volver con forzas redobradas o 17 e 18 de marzo. O que está en xogo é moito para permanecer pasivos.

É unha situación de máxima urxencia. O estudantado imos demostrar que non nos dobregamos ante este goberno de corruptos e ladróns. Pero esta loita nos incumbe a toda a sociedade, porque de aplicarse tamén haberá miles de despedimentos de docentes. Por iso, desde o Sindicato de Estudiantes facemos un chamamento ós sindicatos do profesorado, ás organizacións de nais e pais, a estar ó noso lado e convocar estas mobilizacións connosco. iDefendamos a universidade pública, é patrimonio de todos!

Son uns desalmados, pero ímolos derrotar!

Fóra Wert, fóra o decreto 3+2!

Baleirar as clases e encher as rúas!



**Todo o mundo ás manifestacións!
26 de febreiro**

**Consulta lugar, hora e percorrido da manifestación
no teu concello en www.sindicatodeestudiantes.net**



www.sindicatodeestudiantes.net • galiza@sindicatodeestudiantes.net • 981 563 100 (ext 12867)

Sindicato Estudiantes da Corunha / Sindicato De Estudiantes Vigo • @SindicaEstudian